

Recurso nº 109/2018]**Resolución nº 101/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 8 de novembro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por J.R.V.T. actuando en nome e representación de UGT UNIÓN COMARCAL PONTEVEDRA, AROSA Y DEZA contra o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizo de axuda no fogar do Concello de Vilanova de Arousa, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello de Vilanova de Arousa convocouse a licitación do contrato de servizo de axuda no fogar, cun valor estimado declarado de 538.030,77 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 05.10.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP en adiante).

Terceiro.- O recorrente impugna o pregos de cláusulas administrativas particulares da licitación por incumprir o orzamento e o valor estimado o previsto nos artigos 100 e 101 da LCSP.

Cuarto.- En data 18.10.2018 UGT UNIÓN COMARCAL PONTEVEDRA, AROSA Y DEZA interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Quinto.- Con data 19.10.2018 reclamouse ao Concello de Vilanova de Arousa o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). Como resposta, recíbese neste Tribunal o día 05.11.2018, un certificado que reflicte o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local dese Concello, de data 31.10.2018, acordando por unanimidade o desistimento do procedemento da contratación impugnada. O acordou adoptouse con base nos informes da Concellería de Servizos e o emitido, conxuntamente, polo Secretario Xeral e o Interventor Xeral, que se recibiron neste Tribunal o 07.11.2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Vistas as datas de publicación dos pregos e da interposición do recurso especial, este interpúxose dentro do prazo de quince días hábiles.

Cuarto.- O recurso interponse contra os pregos nun contrato de servizos cun valor estimado de 538.030,77 euros, polo que é admisible ao abeiro do artigo 44.1.a) e 2.a) LCSP.

Quinto.- As alegacións do recorrente refiren a incorrecta aplicación do convenio colectivo do sector de axuda no fogar por aplicarse os prezos vixentes para o ano 2009 e non os correspondentes ao ano 2012, por non se ter en conta a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 29.10.2013 e o Acordo da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo, así como pola non inclusión nos prezos doutros conceptos económicos, resultando incorrecto o cálculo do valor estimado do contrato e do prezo base de licitación.

Sexto.- Antes de abordar outros aspectos, hai que deterse no feito de que existe un acordo do órgano de contratación do 31.10.2018 polo que se acorda a desistencia do procedemento da contratación do servizo de axuda no fogar.

O acordo adoptouse baseándose no informe de 26.10.2018 da Concelleira de Servizos Sociais no que constata que na contratación se sinalou un valor estimado do contrato como o prezo base de licitación que non contempla os prezos vixentes desde o ano 2012, ao non se ter en conta a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 29.10.2013 e o Acordo da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo, así como pola non inclusión no dito prezo doutros conceptos económicos. Este informe conclúe estimando que procede adoptar acordo de desestimento da licitación e iniciar os trámites para un novo expediente de contratación.

O acordo do órgano de contratación tamén se basea no informe conxunto da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, de data 26.10.2018, que recoñece que non se trata dun mero erro material, de feito ou aritmético, senón que nos atopamos ante unha modificación substancial do prezo do contrato. No informe transcríbese o artigo 152.4 LCSP que dispón: *“o desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, deben xustificarse no expediente a concorrencia da causa. O desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun procedemento de licitación”*. Finalmente conclúe que procede que, polo órgano de contratación, se adopte acordo de desestimento da licitación do servizo de axuda no fogar nos termos previstos no artigo 152 LCSP e se inicie un novo expediente de contratación.

O 31.10.2018 o órgano de contratación acordou, por unanimidade, desistir do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar, e publicar ese acordo na Plataforma.

Dado que o órgano de contratación desiste da contratación cuxos pregos foron impugnados, cabe poñer fin ao presente recurso como consecuencia da carencia sobrevida do seu obxecto. Así, as cuestións suscitadas quedaron sen obxecto ao acordar o órgano de contratación a desistencia do procedemento.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por UGT UNIÓN COMARCAL PONTEVEDRA, AROSA Y DEZA contra o prego de cláusulas administrativas particulares do contrato de servizo de axuda no fogar do Concello de Vilanova de Arousa, no sentido manifestado no último dos fundamentos.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.